

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000001.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 14 de xaneiro de 2026, ás 10:00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

1. APROBACIÓN PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA POLO CONCELLO DE LUGO COMO SEDE DA AXENCIA ESTATAL DE SAÚDE PÚBLICA

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO. (Exp ref: 2023/C003/000031. SEGUNDA PRORROGA DENDE O 18.01.2026 ATA O 17.01.2027)

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do

gobierno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente á marxe polo Excmo. Sr. alcalde, don Miguel Fernández Méndez.